



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2025/G003/002157

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (nomeamento de órgano instrutor para a convocatoria das Bolsas de comedor escolar baseadas na renda familiar para o curso 2025-2026).

ANTECEDENTES

A convocatoria de Bolsas de comedor escolar baseadas na renda familiar para o curso 2025-2026 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 197, con data do 15.10.2025, incluíndo as bases reguladoras e o anexo de solicitude.

A base reguladora 12 establece o procedemento de instrución e valoración das solicitudes, indicando a participación dun órgano instrutor e dunha mesa de valoración, que deberá ser nomeada.

Toda vez que a publicación da convocatoria abre o prazo de solicitude, compre designar o órgano instrutor do procedemento e aprobar a composición da mesa de valoración recollida nas bases.

Por todo canto antecede, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro.- designar ao Coordinador de Actividades Culturais da área de Cultura, Educación, Xuventude e Deporte como responsable de instruír o procedemento das Bolsas de comedor escolar baseadas na renda familiar.

Segundo.- aprobar a composición da mesa de valoración, que terá a seguinte composición:

- Presidenta: a Técnica en Animación Sociocultural
- Vogais: a Traballadora Social e a Técnica de Rendas e Exaccións
- Secretario: o Animador Sociocultural

Terceiro.- ordenar a continuación do procedemento segundo o establecido nas bases reguladoras da convocatoria.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.